



ANUNCIO

DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA DA LICITACIÓN POLO PROCEDEMENTO II DA INSTRUCCIÓN 1/2023 E TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GABINETE DE COMUNICACIÓN DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA** COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA)

1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra CIF: G-36593606
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Ría de Pontevedra
Responsable do contrato	Laura Nieto Zas, Xerente do GALP Ría de Pontevedra
Obtención de documentación e información	▪ Enderezo: Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín. 36900, Marín (Pontevedra). ▪ Teléfonos: 886 213 015 / 698 180 887 ▪ Correo electrónico: galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal ▪ Na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Ata a 14:00 horas do derradeiro día laboral de presentación de oferats. 08 de abril de 2024.
Referencia do expediente	GALP-RP_004_2024_D

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado.





Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non	Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non	Revisión de prezos	☐ Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP ☒ Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de Gabinete de Comunicación do GALP Ría de Pontevedra como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Prazo de execución	O prazo de execución comprenderá dende a data de formalización do contrato (previsiblemente, marzo de 2024) e ata o 31 de decembro de 2026 (33 meses) . Duración máxima, prórrogas incluídas, 60 meses.
Prórrogas	Admítese prórroga do contrato. O contrato poderá prorrogarse ata un máximo de 60 meses en total, (incluídas as prórrogas). A prórroga será realizada anualmente, e por períodos anuais ou inferiores (dous posibles prórrogas de 12 meses cada unha delas e unha derradeira prórroga ata completar o período máximo de 60 meses). A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP-RP desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato.
Calendario para a prestación do servizo	Segundo o especificado no apartado 4 do Prego de Prestacións Técnicas (PPT).

4. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado do contrato	37.500,00€ (IVE excluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	20.700,00 €



	IVE (21%)	4.347 €
	Importe total de licitación	25.047 €
Financiamento	Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>	

5. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

Solvencia económica e financeira	Segundo o especificado no apartado 5.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
Solvencia técnica e profesional	Segundo o especificado no apartado 5.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no apartado 6 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Criterios de adxudicación avaliáveis de xeito automático	Oferta económica: 80 puntos (puntuación máxima). Darase a máxima puntuación á oferta económica máis baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula: $Pi = PM(OL - Oi)(OL - OB)$ Pi = Puntuación da oferta a valorar PM = Puntuación máxima do criterio OL = Orzamento de licitación (sen IVE) OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE) Oi = Oferta a valorar (sen IVE) Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación. Experiencia profesional: 20 puntos (puntuación máxima) Puntuarase o tempo, referido en anos acumulados de prestación de servizo de gabinete de comunicación ou xestión da comunicación de entidades sen ánimo de lucro e que xestionan fondos europeos como entidades colaboradoras das administracións públicas na xestión de
---	---



	fondos de desenvolvemento rural ou pesqueiro (FEADER, IFOP, FEP, FEMP, FEMPA.). A puntuación outorgarase do seguinte modo: • Menos de 1 ano: 5 puntos • De 1 ano e ata 3 anos: 10 puntos • Mais de 3 anos e ata 6 anos: 15 puntos • Mais de 6 anos: 20 puntos. Para a avaliación da experiencia é preciso á presentación dos certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos, breve resumo da labor realizada, programa de fondos europeos, período ou períodos de realización (identificando o mes e ano de inicio e mes e ano de finalización de cada período) e duración en meses de cada período.
Criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor	Non existen

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	A presentación das ofertas realizarase a través do envío por correo certificado á dirección postal das oficinas do GALP-RP (Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, CP 36900, Marín, Pontevedra), acreditando a data de envío pola oficina de correos. Será preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal, dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado. Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.
Prazo de presentación	O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 8 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions (25 de marzo de 2024), sendo polo tanto, como máximo ata o 08 de abril de 2024. Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados, os cales deberán estar perfectamente identificados no seu exterior:



	- “SOBRE A: Documentación Xeral” Neste Sobre A incluírase a Declaración Responsable (*) (Anexo II) da persoa ou entidade licitante, compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. (*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria. - “SOBRE C: Criterios avaliados de forma automática” Neste Sobre C incluírase a Oferta económica e aquela documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliados de xeito automático (Anexo I). No Sobre C, para a avaliación da experiencia é preciso á presentación dos certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos, breve resumo da labor realizada, programa de fondos europeos, período ou períodos de realización (identificando o mes e ano de inicio e mes e ano de finalización de cada período) e duración en meses de cada período. A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante. Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.
--	---

8. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, Marín (Pontevedra).
Data e hora	Publicarase na páxina web https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions , con ao menos 48 horas de antelación, a data e hora da apertura das ofertas.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra



Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

9. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- Pregos de Cláusulas Administrativas e Particulares e de Prescricións Técnicas.
- Anexo I. Modelo Oferta económica e de criterios avaliados de xeito automático.
- Anexo II-. Modelo Declaración Responsable das persoas ou entidades licitantes.

En Marín, a 25 de Marzo de 2024.



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR